

Departamento de Orientación

CEIP Manuel Fraga Iribarne



## APPS E PROGRAMAS EDUCATIVOS PARA O ALUMNADO CON NEAE

---

A continuación deixamos a disposición das familias unha lista de programas e aplicacións que poden ser de axuda co alumnado con NEAE.

Poden ser empregadas en ordenador (Internet Explorer) ou tablet.

Así mesmo tamén vos deixamos unha breve explicación sobre o seu contido e utilidade.

Clicando encima de cada icona tedes o enlace á zona de descargas.

---



Proxecto AZAHAR



É un conxunto de 10 aplicacións que axudan a mellorar a autonomía, a comunicación e a gozar de actividades de lecer. Permite personalizadas adecuándoas ás particularidades de cada neno/a. Baseado no sistema de comunicación PECs.

Require rexistro, pero é totalmente gratuíta.



Proxecto Aprender



Aplicación dirixida a alumnos/as con dificultades de aprendizaxe que axuda á formación persoal do neno/a así como á introducción e acceso ás tecnoloxías da información e comunicación (TICs). A zona de alumnado ofrece actividades interactivas, mentres que na zona de profesorado podedes atopar fichas en formato PDF para complementar ditas aprendizaxes.



Aula PT



Este blog inclúe recursos de diferentes áreas de aprendizaxe desde Educación Infantil a Educación Secundaria. Algunhas delas son interactivas e outras descargables para imprimir.



Proxecto COMUNICA



Esta páxina vai dirixida principalmente a aqueles alumnos/as con déficit na fala e na linguaxe. Na área de ferramentas podemos atopar ata 5 programas que nos permiten traballar distintos aspectos da voz, articulación, pronunciación, etc.



Proxecto Emociones



Aplicación gratuíta para traballar a mellora da empatía no alumnado con TEA. Permite recoñecer a través de diversos tipos de imaxe os diferentes estados de ánimo.



Palabras especiales



É unha aplicación de pago, descargable para IOS e Android. Tamén conta cunha versión de proba de 28 días (previo rexistro). Con ela podemos ampliar o vocabulario de palabras frecuentes, estimular a fala, desenvolver a coordinación visomanual, mellora a motricidade fina...a través de catro xogo que van incrementando o seu nivel de dificultade.



*Lectoescritura  
adaptada (LEA)*



*Conxunto de 23 aplicacións multimedia destinadas as facilitar a aprendizaxe semidirixida e autónoma das competencias lectoras e escritoras básicas en español tanto na súa fase inicial como de afianzamento.*



*Fondo lector  
(nivel básico/intermedio)*



*Programa destinado para aquel alumnado que comeza a ler ou amosa dificultades de comprensión lectora. Presenta seis tipos de actividades: ordear as palabras dunha frase, ordenar unha secuencia de frases, responder a preguntas dunha lectura, relacionar unha palabra co seu sinónimo e antónimo e atopar unha palabra que non garda relación coas demais.*



*Proxecto Sígueme*



*É unha aplicación deseñada para potenciar a atención visual e adestrar a adquisición do significado en persoas con TEA. Preséntase en 6 fases que van desde a estimulación basal á adquisición de significado a partir de videos, fotos, debuxos e pictogramas incluíndo nas súas últimas fases actividades de categorización e asociación mediante xogos. Funciona en ordenadores de mesa, portátiles, tablets...*



*Conciencia fonológica*



*Aplicación deseñada para aqueles alumnos/as que amosan dificultades para recoñecer ou empregar os son da linguaxe falada. Permite realizar actividades*  
*Descargable para Apple e Android.*



*Sonigrama*



*Xogo que busca estimular a atención visual e auditiva con escenarios e fotografías moi chamativas e entretidas. O alumno/a debe escoitar o son e facer clic na imaxe que asocia a dito son. Se asocia correctamente o son, remata o nivel.*



*José aprende*



*Esta app permítenos acceder a unha serie de 15 contos con pictogramas nos que se traballan entre outros aspectos as rutinas, as emocións e os autocoidados. Permite ler o conto un mesmo ou no modo autolectura.*



*Burbujo*



*App que permite o desenvolvemento de habilidades cognitivas básicas como a observación, o seguimento visual, a atención e a coordinación visomotora así como o incremento da velocidade de procesamento.*



*Grupolandia*



*Aplicación que nos permite o desenvolvemento de habilidades lóxico- matemáticas, a concentración, a atención e a clasificación.*



*Juguemos todos*



*Con ela podemos traballar as habilidades lingüístico-verbais, habilidades cognitivas e aprendizaxes instrumentais: lectura global, escritura silábica e adquisición de vocabulario.*



*Dibugrama*



*Con esta aplicación traballanse aspectos como a intelixencia visual e espacial, habilidades cognitivas relacionadas co coñecemento do entorno físico, capacidade de observación e percepción visual e identificación nunha escena de obxectos que se piden.*



*Opuestolandia*



*Esta aplicación permite traballar conceptos básicos así como os seus opostos: alto-baixo, grande-pequeno, moito-pouco, pesado-lixeiro...*



*Soy visual*



*App para traballar a adquisición da linguaxe. Nun primeiro nivel permite traballar aspectos como a morfosintaxe e a construción de frases cos verbos comer, beber e ulir, pero progresivamente poden descargarse máis paquetes para incorporar novos verbos e traballar máis áreas da linguaxe.*

